

Expediente núm.: 1842/2021

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021

**Obra/servizo subvencionado:** Obradoiro Dual de Emprego "Terras de Aguiar"

**Categoría profesional:** Director/a

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

**ASUNTO:** Contratación de aspirantes que superaron o proceso de Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar para o Obradoiro Dual de Emprego "Terras de Aguiar", na categoría profesional de (1) Director/a.

Visto o expediente tramitado para a selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de (1) director/a para a obra / servizo "Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar", cuxas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte.

Vista a proposta do Tribunal cualificador das probas e de acordo coa orde de puntuación obtida no referido proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións concordantes,

## RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar a seguinte aspirante proposta polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "Directora do Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo:

Nº de orde	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PLAZA MARTÍNEZ TANIA	73217	9,70

**Segundo.-** Contratar á antedita aspirante para o período comprendido entre o 18 de outubro de 2021 e o 17 de xullo de 2022, para a obra / servizo "Obradoiro Dual de Emprego Terras de Aguiar" segundo a subvención recibida ao abeiro da ORDE do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2021, na categoría profesional de "directora",

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998,





## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

**Cuarto.-** A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, conforme ao disposto no artigo 10 das Bases que foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 17 de setembro de 2021, e posteriormente publicadas, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 23 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego de Ourense – A Ponte:

Nº de orde	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	FERNANDEZ FIUZA REBECA	450571	6,30
2	VALVERDE MORENO MARIA JOSE	3291348	3,00

**Quinto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)).

**Sexto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Sétimo.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luis Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

